



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

As universidades públicas galegas, en defensa do Sistema Universitario de Galicia

Galicia, 11 de febreiro de 2020.- Somos tres universidades públicas as que compoñemos o Sistema Universitario Galego. As tres contamos con ampla experiencia en termos de éxito na formación de egresados, na investigación (producindo o 75% do eido na nosa en Galicia) e na transferencia, ademais de estarmos comprometidas coa mellora e a responsabilidade social.

As tres universidades estamos atendendo conxuntamente ás demandas sociais de formación, axustando de continuo as titulacións de grao e de mestrado á demanda, e facémolo de xeito coordinado coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Nestes momentos as prazas ofertadas permiten á cidadanía estudar practicamente calquera titulación de grao que desexen. Ninguén que desexe estudar e, con gran esforzo e mérito, demande unha praza queda fóra. Somos quen de permitir, ademais, cos prezos públicos máis baixos de España (en Galicia o goberno autonómico tomou a decisión de optar por non subir os prezos durante os anos da crise), que as galegas e os galegos estuden preto da casa nunha universidade que está, en calquera caso, entre as 1.000 mellores a nivel mundial.

Esta harmonización da oferta das tres universidades é a base para unha oferta sostible no tempo, mesmo neste momento en que estamos ás portas dunha baixada de estudantes locais por mor da grave crise demográfica que estamos a sufrir na nosa comunidade. Non se detecta falta de titulacións nin de prazas e, se se detectan, somos quen de respostar ás novas competencias profesionais emerxentes con novas titulacións ou adecuando o número de

prazas ofertadas nas xa existentes. Nesta situación cremos que non se existe a necesidade de novas universidades en Galicia.

Por iso, fronte á iniciativa privada, pensamos que os esforzos dos cidadáns, a través dos seus impostos, deben ir encamiñados a fortalecer o actual sistema universitario público. Pensamos que entre todos temos construído un sistema forte, competitivo e ben artellado, e aspiramos a melloralo aínda máis facendo que sexa eficiente, eficaz e sostible economicamente. Para iso precisamos urxentemente dun novo sistema de financiamento que proporcione autonomía, suficiencia e estabilidade financeira e que permita afrontar efectivamente os custos estruturais así como financiamento polos resultados obtidos polas nosas institucións.

Non nos asusta competir coa iniciativa privada no eido da docencia, da investigación ou da transferencia porque somos moi conscientes da nosa capacidade. O que si nos preocupa é que esa competencia sexa desigual, non se traballe coas mesmas condicións nin se establezan resultados comparables xa que nesta situación veríase afectada a condición indispensable da igualdade de oportunidades.

Agradecemos, xa que logo, ás organizacións sindicais e ás de representación estudantil que conforman a Plataforma pola Defensa da Universidade Pública o seu compromiso e apoio e pedimos á cidadanía e ás institucións públicas que poñan na súa axenda as solicitudes de financiamento, lexislativas e de autonomía para que as Universidades Públicas do Sistema Universitario Galego sexan cada día un pouco máis fortes e poidan a seguir mellorando e ocupando posicións de liderado na escena nacional e internacional, convencidos de que isto redundará nun mellor futuro para Galicia e para as galegas e galegos.

Asinado:

Julio Abalde Alonso, Reitor, Universidade da Coruña
Antonio López Díaz, Reitor, Universidade de Santiago de Compostela
Manuel Reigosa Roger, Reitor, Universidade de Vigo